


Tal como eramos

[08/03/2006 19:46] por Manuel Rodríguez Alonso

Casas baratas

Antón Riveiro Coello

Galaxia, Vigo, 2005. 200 páxs., 13,50 €



Antón Riveiro mestura nesta súa última novela a lembranza e recuperación do pasado –a infancia, a adolescencia e a xuventude– co tema e estrutura do *Bildungsroman* ou novela de aprendizaxe. Ademais, distribúe a súa materia narrativa en dezaseis capítulos ou historias que relatan momentos fundamentais na maduración do protagonista. Quedan na elipse o tempo e os feitos transcorridos entre estas historias, posiblemente porque non teñen tanto valor para a formación do protagonista, para a súa maduración como adulto. Por outra banda, cada un destes dezaseis capítulos pode lerse de forma illada a xeito de conto. Grande acerto estrutural.

Riveiro recreáanos o mundo dos sesenta-oitenta, da irrupción da televisión e dos seus heroes, da música dos Beatles, dos concertos de rock, da droga e tampouco non faltan as referencias á emigración europea ou ao desprazamento das xentes das aldeas cara ás vilas ou ás cidades, na procura de mellores condicións de vida. Pero todo iso visto a través da dobre sensibilidade do rapaz que vai vivindo persoalmente esas experiencias e do adulto, que agora as lembra e as relata. Este xogo de dobre perspectiva manéxao moi ben Riveiro.

Riveiro tamén conta cun lector cómplice que sabe que entenderá e ata recreará os indicios, que non información elaborada, que ofrece ao longo do relato. Case que non describe como son as *Casas baratas*, pero todos sabemos ben o que eran. O mesmo pasa coa situación política do franquismo ou coa realidade dura da emigración europea. Neste tipo de novela vale máis o que se insinúa que o que se di claramente.

Goréntanos a tenrura con que Riveiro trata os seus personaxes, especialmente os que sofren algún tipo de marxinação. Marabilloso é o capítulo dedicado ao pintor que toleou. Esta tenrura fainos lembrar o maxisterio de Castelao. Só é cruel cos que carecen de sentimento, como ocorre no tratamento do pai que castiga os fillos con sadismo, pero aínda nestes casos, parece que nesa forma de ser tan cruel xa levan os ruíns o propio castigo, pois pagan esa falta de humanidade coa infelicidade e a desgraza.

Hoxe en que tanto abundan os escritores que escriben un galego light, pobre ou de bilingüismo harmónico (na liña do galego castelanista dos exemplos que propón o último *Dicionario castelán-galego* da RAG, xa comentando nestas páxinas) Riveiro busca unha lingua poética para as descrições, de imaxes e metáforas novas, e ademais emprega un galego identificado, rico, posto que usa termos que están a desaparecer do galego coloquial e ata do escrito porque se prefire o termo común co castelán. Deste xeito atopamos en Riveiro *fiestras*, *engado*, *cuspe*, *pitoño*, *doente*, *pantasma*, *compaña*, *prebe*... no canto dos máis que habituais e comúns co castelán *ventá*, *encanto*, *saliva*...

Cómpre sinalar así mesmo a fraseoloxía rica de Riveiro e que non é mera tradución das expresións castelás. Poucos escritores de hoxe empregan tan ben e oportunamente como Coello expresións como *botar a lingua a pacer*, *darlle trela*, *andarlle o sentidiño polas silveiras*, *traer ao rego*, *ser unha boa encomenda*, *botar á rapañota*... Así mesmo procura Riveiro manter na sintaxe características do galego como o uso do infinitivo conxugado, a colocación do pronome átono diante do infinitivo cando este vai precedido por preposición ou o uso do pronome *el* nas interrogativas directas.

Dálle viveza á lingua que nos diálogos empregue trazos dialectais da zona da Limia como os pronomes *il*, *tu*, *iste* ou o adverbio *eiquí*. A obsesión normativa fai que a lingua dos diálogos de moitas das nosas novelas resulte acartonado e máis rixido ca o das linguas que levan séculos normativizadas.

Para rematarmos non estará de máis lembrar a lección de lingua que nos dá un dos personaxes da novela, o señor Medardo, que di que os seus veciños están a perder o verdadeiro galego e falan "nun idioma enfermo, estranxeiro, barballoante" (páx. 34). Boa lección práctica dálla o señor Medardo ao protagonista cando di que as veas avultadas teñen un nome de seu en galego: "Cordoveas, neno, sonche cordoveas". A fe, que Riveiro Coello vai polo camiño do señor Medardo.